

**ASUNTO: APLICACIÓN DO DEREITO RECOÑECIDO NA DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA DO VIXENTE CONVENIO COLECTIVO**

O 21 de xuño de 2006 publicouse no BOE a Lei 21/2006, de 20 de xuño pola que se modifica a Lei 9/1987, de 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións públicas.

Na citada normativa na súa Disposición final primeira modifica a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a reforma da función pública modifica a letra a) do artigo 30.1 quedando redactado do seguinte xeito:

a) Polo nacemento , acollemento ou adopción dun fillo, dez días a gozar polo pai a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Así mesmo, engádeselle un parágrafo a letra f) coa seguinte redacción:

“Igalmente a funcionaria poderá solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente”.

No vixente Convenio colectivo, na Disposición final segunda di: *“Se por disposición legal ou regulamentaria ao persoal funcionario da Universidade de Vigo se lle recoñeceran melloras no seu réxime de xornada e horario, vacacións, permisos, licenzas e asistencia social, estas aplicaranse automaticamente ao persoal suxeito a este convenio.”*

Por todo o exposto pregámoslle que emita a correspondente resolución para comunicar que os citados dereitos tamén son de aplicación a **todo o persoal laboral** da Universidade de Vigo.

Por último, lembrámoslle que no permiso de lactación o tempo a acumular en xornadas completas é o que se corresponde a unha hora durante os primeiros 12 meses de vida do/a cativo/a.

Vigo 26 de xuño de 2006

Atentamente

Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical  
de CC OO da Universidade de Vigo